


Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para titor/a

Revisión setembro 2021



Esta guía forma parte do documento do *Plan de adaptación COVID-19 no curso 2020-2021* e complementábase coa *Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o profesorado*.

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO O DÍA DA PRESENTACIÓN

- O/a titor/a **informará das normas de hixiene e contacto social e entregará por escrito** ao alumnado (incluído o que está realizando a FCT) o **protocolo** que debe de seguir no centro (Anexo I. Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o alumnado).
- O/a titor/a **recollerá firmada e custodiará a Confirmación de recepción da información e declaración responsable** (Anexo II para maiores de idade e Anexo II e III para menores).
- O incumprimento das medidas por parte do alumnado será considerado como conduta leve contraria ás normas de convivencia do centro e polo tanto deberá ser notificado por escrito utilizando o documento da páxina web do centro “COMUNICACIÓN DE INCIDENTES” que entregará a Xefatura de Estudos.
- O incumprimento das medidas por parte do alumnado da FCT será causa da exclusión do convenio por actitude incorrecta (Orde 28 de febreiro de 2007).

ATENCIÓN DO ALUMNADO CON SINTOMATOLOXÍA COVID

- Diante dun suposto no que **un/unha alumno/a** da que se sospeita que comeza a desenvolver **síntomas compatibles** coa COVID-19 no centro educativo levarase ao **espazo de illamento** situado ao carón do vestíbulo, e colocaráse unha **nova máscara cirúrxica** (tanto ao que iniciou síntomas como á **persoa** que quede ao seu **coidado**):
- A persoa (se é maior de idade) ou o seu profesor/a ou titor/a (se é menor de idade) chamará ao **seu centro de saúde de Atención Primaria** para solicitar consulta, ou ao **teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas **instrucións**. Se o/a alumno/a é menor de idade o/a profesor/a titor/a chamará tamén á súa **familia** ou titores/as legais.

- En caso de presentar **síntomas de gravidade** ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**.

COMUNICACIÓN DE SINTOMATOLOXÍA DO ALUMNADO AO EQUIPO COVID

- O/A profesor/a titor/a comunicará ao alumnado que debe de utilizar a aplicación dispoñible na páxina web do Politécnico de Lugo para comunicar calquera incidencia relacionada coa Covid-19
- As faltas por sintomatoloxía compatible coa Covid son xustificadas. Estas faltas non requiren de xustificante médico. Para os/as menores abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores legais.
-

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

- A información relevante para o alumnado e as familias con respecto ao Covid-19 estará dispoñible na **web do centro** www.politecnicolugo.org
- Para as titorías de pais/nais e para comunicarse coas familias por outros motivos distintos da información xeral, utilizarase preferentemente a comunicación por **teléfono** ou **videochamada**, deixando constancia da mesma por escrito.
- Cando a xuízo do/a titor/a ou da dirección, sexa **precisa a titoría presencial** realizarase coas **medidas de protección** (cita previa, distancia de seguridade, mascarilla obrigatoria, limpeza de mas, detección de temperatura, pediluvio).


ACTIVIDADES NON LECTIVAS

- As **reunións de coordinación** e outras **actividades non lectivas** realizaranse preferentemente de forma **telemática**.
- Na medida do posible, a documentación resultante terá soporte dixital.


ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN

- Estarán condicionadas polos protocolos das distintas entidades colaboradoras.
- Aquelas actividades que se poidan realizar no centro organizaranse en espazos que garantan o cumprimento das medidas de seguridade


Anexo I. Guía de recomendaciones fronte ao coronavirus para o alumnado



Centros Integrados Formación Profesional
Politécnico de Lugo




UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
OPEL JUSTITIA SEQUITUR




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Guía de recomendacións fronte ao coronavirus para o alumnado

- 1- Cada día, antes de acudir ao centro, realiza a **autoavaliación** de síntomas seguindo o cuestionario clínico-epidemiolóxico (Anexo I). Acórdate de tomarte a temperatura antes de vir ao centro.
- 2- Si presentas **UN** dos síntomas da enquisa **NON** acudas a clase, contacta co teu médico/a ou con un/a profesional sanitario/a na **aplicación COVID da páxina do CIFP Politécnico de Lugo**.
- 3- Se un familiar ou persoa **convivente** teu é sospeitoso de padecer a COVID-19 non acudas ao centro, aínda que a proba é negativa. En canto saibas o resultado da proba comunícalo ao centro.
- 4- Mantén en todo momento unha distancia de **1,5 metros** co resto de compañeiros/as e demais membros da comunidade educativa. Evita as aglomeracións tanto dentro do centro como fóra do mesmo.
- 5- O uso da **máscara** é **OBRIGATORIO** durante toda a xornada lectiva. Deberás ter unha máscara necesaria (Anexo II).
- 6- Procura non tocar os ollos, nariz e boca.
- 7- **Lava** frecuentemente as **mans** (sobre todo na entrada e saída do centro, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo), con auga e xabón ou co xel hidroalcohólico seguindo as instrucións que atoparás nesta guía e nos carteis informativos (Anexos III e IV).
- 8- Despois de tusir ou esberrar hixieniza as mans. Se tes que limpar o nariz debes de utilizar o papel, finalices, lava as mans, usa o papel para secalas, pecha a billa co papel e desbotao na papelera.
- 9- Se empezas a encontrarte mal no centro **comunícalo** de inmediato ao teu profesor/a.
- 10- **Non compartas o teu material** con outros compañeiros e compañeiras.
- 11- Desfruta do recreo con responsabilidade e mantendo as medidas de seguridade.
- 12- Respecta o **aforo** dos diferentes espazos (aseos, biblioteca, cafetería...) e a **sinaleira** de acceso dentro do centro e entrar e saír do mesmo.
- 13- Durante a xornada lectiva deberás permanecer no teu sitio dentro da aula. Nos cursos de prácticas a saída e a entrada será de xeito ordeado, e mantendo a distancia de seguridade.
- 14- Non toques as chaves da luz, os tiradores das portas, as persianas e fiestras. Serán utilizados unicamente polo profesorado.
- 15- Non podes comer ou beber nas aulas nin nos espazos comúns.
- 16- Segue en todo momento as indicacións do persoal do centro. O **incumprimento** considerado como conduta leve contraria ás normas de convivencia do centro.



Xacobeo 2021



Anexo II. Declaración responsable e confirmación da recepción da información

Don/dona

Con DNI _____ e endereço _____

localidade _____

matriculado/a no C.I.F.P. Politécnico de Lugo no Curso 2020/2021 (indicar ciclo e curso, se procede)

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE

1. Que recibín por escrito e son coñecedor do Protocolo do Centro (podes acceder a toda a información na páxina web do centro, www.politecnicolugo.org) que recolle as medidas de hixiene e de seguridade sanitarias establecidas, de acordo coas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (D.O.G Nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22.
2. Realizarei a enquisa de Autoavaliación clínica do COVID antes de incorporarme á xornada lectiva no centro educativo / ou na empresa colaboradora (FCT) e **NON** acudiréi ao centro / empresa e mantereirei o illamento preventivo se teño síntomas compatibles coa COVID-19. Ademais poñereime en contacto co médico de familia e con algunha das persoas membros do Equipo COVID do centro educativo utilizando as canles habilitadas polo centro.
3. Se algunha persoa do núcleo familiar e/ou convivinte con diagnóstico positivo COVID-19 seguirei as indicacións da autoridade sanitaria. Poñereime en contacto, así mesmo, con algunha das persoas membros do Equipo COVID do centro educativo.
4. Cumprirei o conxunto de medidas educativas do Plan de adaptación COVID-19 no curso 2021-2022, no Plan de contixencia do centro educativo e as hixiénico sanitarias que podan establecerse e/ou modificarse en todo momento polas autoridades sanitarias.

En Lugo a _____ de _____ de
2021

Anexo III. Declaración responsable para pais/nais ou titores/as legais

D./D^a _____, con
DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso 21/22,
do centro educativo CIFP Politécnico de Lugo

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario de Galicia para o CURSO 2021-2022 e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso de presentar cando menos un dos síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

ASDO. _____

Anexo IV. Enquisa autoavaliación clínica

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		